XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IES de Oroso**

Rúa da Tosca, 59

15688 - Sigüeiro - A Coruña

# PLAN DE CONVIVENCIA

# IES DE OROSO

## ÍNDICE: Páx.


1. XUSTIFICACIÓN ………………………………………………………………….. 3
2. AS NECESIDADES NO NOSO CENTRO………………………………… 4
3. OBXECTIVOS……………………………………………………………………….. 8
4. PLANIFICACIÓN EN RELACIÓN A CADA OBXECTIVO (ACTIVIDADES/RESPONSABEIS/RECURSOS/TEMPORALIZACIÓN/AVALIACIÓN) 9
5. NECESIDADE DE FORMACIÓN…………………………………………… 25
6. SEGUIMENTO DO PLAN: EVALUACIÓN. CRITERIOS E PROCEDIMIENTOS. 25
7. COMISIÓNS DE CONVIVENCIA……………………………………………. 25
8. ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.. 26
9. ANEXOS:

ANEXO 1: CUESTIONARIOS DE CONVIVENCIA ESCOLAR NO CENTRO EDUCATIVO…………………………………………………………. 27

ANEXO 2: RESPOSTAS AOS CUESTIONARIOS SOBRE A CONVIVENCIA NO CENTRO………………………………………………… 33

ANEXO 3: TIPIFICACIÓN DE FALTAS E SANCIÓNS……………………………. 36

ANEXO 4: PLAN DE ACOLLIDA A ALUMNOS INMIGRANTES………………. 44

# 1. XUSTIFICACIÓN

Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais.

A educación para a convivencia responde á necesidade de formar persoas capaces de desenvolver a súa vida respectándose a si mesmas, respectando aos demais e responsabilizándose dos seus actos.

Os centros educativos son espazos onde convivir. Todo o que neles acontece pode facilitar ou dificultar a convivencia, e todas as persoas da comunidade educativa deben sentirse implicadas na mellora da convivencia.

O Plan de convivencia do centro debe contemplar iniciativas que favorezan e melloren a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres, a resolución pacífica de conflitos …; e propiciar cambios positivos na organización e dinámicas do centro que se traduzan na mellora das relacións entre os seus compoñentes e no benestar de todos e cada un deles.

A elaboración deste Plan é un proxecto ambicioso que require un importante esforzo e participación de toda a comunidade educativa quen, como resultado da análise e reflexión sobre a realidade do propio centro a este nivel, deberá deseñar un programa de intervención realista, práctico e consensuado que aborde a construción dunha convivencia positiva dando resposta ás necesidades máis prioritarias na liña marcada por uns obxectivos que contemplen o desenvolvemento integral e harmónico do noso alumnado nun marco que propicie o desenvolvemento dunhas relaciones positivas e dunha convivencia gratificante nun clima no que primen os valores democráticos.

## 2.- AS NECESIDADES NO NOSO CENTRO

- ### <u>Diagnóstico da convivencia no centro</u>

## <u>Análise de resultados dos cuestionarios:</u>

Durante o curso 2007-08 realizouse unha enquisa entre o profesorado e, ao longo do curso 2008-09, realizáronse outras entre os demais sectores da comunidade escolar do IES de Oroso. (**ANEXO 1)** Estas enquisas baseadas na proposta de enquisa da Consellería de Educación foron modificadas e adaptadas ás características do noso centro e as do sector escolar á que ían dirixidas. As respostas foron masivas entre o profesorado, alumnado e persoal non docente, pero a participación das familias representou aproximadamente un 25% das mesmas; unha porcentaxe que, de todos os xeitos, consideramos bastante elevada. (**ANEXO 2)** Todas as enquisas ou cuestionarios estaban divididos en catro **bloques** de preguntas e, das respostas recollidas en cada sector, podemos extraer un resumo das **principais deficiencias** na convivencia do centro, así como as propostas para a súa resolución:

**<u>Valoración sobre a convivencia no centro</u>**: (Principais deficiencias na convivencia por sectores)

Pais/nais:

*Mellorar a relación profesorado/alumnado*

Alumnado:

*Mellorar a relación profesorado/alumnado*

Profesorado:

Relación *do equipo directivo/profesores*
*As relacións familias/profesores.*
*As relacións entre o profesorado*

Persoal non docente: nada

**<u>Conflitos máis frecuentes no centro</u>**

Pais/nais:

*Conflitos entre alumnos*

Alumnado:

*Conflitos profesorado/alumnado*
*Agresións verbais do quipo directivo/profesorado*
*Agresión verbais alumnado/profesorado*

Persoal non docente: *nada*

**<u>Conflitos máis frecuentes nos derradeiros anos</u>**

Pais/nais:

*Agresións verbais entre alumnos*
*Indisciplina*

Alumnado:

*As agresións verbais entre alumnos*
*sA interrupcións na clase son moi abundantes ou sempre*
*A indisciplina é case constante*
*O deterioro das cousas dáse bastantes veces*

Profesorado:

*Agresións verbais do equipo directivo/profesorado*
*Agresión verbais alumnado/profesorado*

Persoal non docente:

*Agresións verbais entre alumnos*
*Vandalismo ou deterioro das cousas*
*Indisciplina*

**<u>Iniciativas útiles para a convivencia</u>** (Propostas para mellorar a convivencia)

Pais/nais:

*Unificar criterios entre os profesores*
*Mellorar a relación coas familias*
*Informar ás familias sobre as estratexias*
*Reforzar a disciplina*
*Favorecer o traballo cooperativo*
*Consensuar normas entre alumnado/profesorado,*
*Participar as familias na resolución de conflitos*
*Crear grupos de mediación en conflitos*

Alumnado:

*Consensuar normas entre alumnos e profesores*
*Favorecer o traballo cooperativo*

Profesorado:

*Unificar criterios entre os profesores*
*Consensuar normas entre profesores/alumnos*
*Mellorar a relación coas familias*
*Mellorar as relación profesorado/ANPA*
*Mellorar as condicións de traballo*
*Mellorar os recursos do centro*
*Grupos máis reducidos*
*Reforzar a disciplina*

*Formar ao profesorado na resolución de conflitos*
*Crear grupos de mediación en conflitos*
*Adaptar os currículos aos alumnos*
*Metodoloxía máis activa e participativa*
*Docencia máis respectuosa*
*Respecto a opinión dos compañeiros*

Persoal non docente:

*Unificar criterios entre o profesorado (2)*
*Consensuar normas entre alumnado/profesorado (3))*
*Mellorar as relacións profesorado/familias (2)*
*Reforzar a disciplina no centro (2)*
*Favorecer o traballo cooperativo (2)*
*Participar as familias na resolución de conflitos (1)*
*Crear grupos de mediación en conflitos (2)*

**NOTAS:**

**1) Proposta realizada por dous sectores**

**2) Propostas realizadas por tres sectores**

**3) Proposta realizada polos catro sectores**

## Conclusións:

- **Análise dos cuestionarios**

Unha vez analizadas as respostas ás enquisas da "Comunidade escolar" do noso centro por sectores podemos tirar as seguintes conclusións:

1. A **valoración da convivencia** no centro, en xeral, parece positiva para todos os sectores da comunidade escolar coas excepcións dunha valoración negativa ou moi negativa nas **deterioradas relacións entre os profesores e de estes en relación coas familias**.Tamén destacan a **mala relación entre os profesores e os alumnos**, aínda que estas sexan de por si sempre difíciles.

2. Os **conflitos** máis destacados que resaltan despois do análise das contestacións, tanto no pasado como nos derradeiros anos, son os relacionados coa **indisciplina do alumnado** na aula, o **deterioro do centro e do material** por parte do alumnado, as **agresións verbais entre o alumnado e de este co**

**profesorado** e, coma sempre, os **conflitos profesorado/alumnado.** Tamén aparecen como destacados os **conflitos entre o profesorado e entre este e o equipo directivo.**

3. Relacionadas coas valoracións negativas do apartado 1 e as apreciacións sobre os conflitos máis destacados dos apartados 2 e 3, as iniciativas propostas polos distintos sectores van dirixidas a buscar solucións a estes problemas. Así, os catro sectores propoñen nas súas respostas de forma destacada que se debería

- **"Consensuar as normas entre alumnado/profesorado"**,

sendo polo tanto esta a preocupación fundamental de toda a comunidade escolar.

Un número maior de propostas foron realizadas por tres dos sectores escolares como preocupacións das familias, profesorado e persoal non docente:

- **Unificar criterios entre o profesorado**
- **Reforzar a disciplina no centro**
- **Favorecer o traballo cooperativo**
- **Crear grupos de mediación en conflitos**
- **Mellorar as relacións profesorado/familias**

Tanto o persoal non docente como as familias propoñen ademais que

- **As familias deberían participar na resolución de conflitos**

Isto infórmanos de que existe a percepción de que non se conta coas familias na resolución dos problemas do centro.

## Outras necesidades

Ademais destas propostas aparecen outras destacadas por un só sector da comunidade escolar pero que poden ser consideradas importantes para o funcionamento do centro:

- **Aumento do respecto ás normas básicas de convivencia.**

- **Mellora das relacións entre  alumnado e profesorado; entre profesorado; entre profesorado e dirección e entre profesorado e familias.**
- **Formación pedagóxica na resolución  dos conflitos: mediadores, participación das familias …**
- **Socialización do alumnado *illado* no tempo de lecer.**
- **Atención aos malos hábitos de saúde: ocio descontrolado, tabaco …**
- **Acollida de alumnos con NEEs. (inmigrantes, NEEs permanentes …)**
- **Mellora do alumnado nas habilidades de interacción social.**

...

## 3.- OBXECTIVOS

En base ás conclusións obtidas como resultado dos cuestionarios anteriormente analizados, este plan de convivencia proponse acadar fundamentalmente os seguintes obxectivos:

**OBXECTIVO A:**

**Mellorar o respecto e cumprimento das normas básicas de convivencia en relación a un mesmo, aos demais e aos materiais, mobiliario e instalacións. facer un especial fincapé no "uso social da linguaxe" .**

**OBXECTIVO B:**

**Impulsar a prevención de conflitos e a formación e funcionamento de equipos mediadores na resolución pacifica dos mesmos. Aprender a convivir.**

**OBXECTIVO C:**

**Desenvolver estratexias que favorezan a mellora nas relacións entre os distintos sectores da comunidade educativa: profesorado-alumnado-familias e persoal non docente.**

**OBXECTIVO D:**

**Crear condicións que favorezan unhas relacións máis satisfactorias entre profesorado e alumnado.**

**OBXECTIVO E:**

**Potenciar aquelas iniciativas que, dende o recoñecemento á valía de cada docente, posibiliten o consenso e a unificación de criterios entre profesorado, e entre profesorado e dirección.**

**OBXECTIVO F:**

**Adoptar medidas que favorezan a inclusión e avance do alumnado con NEEs e con dificultades de integración por distintas causas (alumnado inmigrante, con trastornos condutuais, …)**

**OBXECTIVO G:**

**Deseñar actividades que favorezan a consecución dos obxectivos contemplados no PEC en relación á convivencia**

## 4.- PLANIFICACIÓN EN RELACIÓN A CADA OBXECTIVO:

(ACTIVIDADES/RESPONSABEIS/RECURSOS/TEMPORALIZACIÓN/AVALIAC

| OBXECTIVO A | MELLORAR O RESPECTO E CUMPRIMENTO DAS NORMAS BÁSICAS DE CONVIVENCIA EN RELACIÓN A UN MESMO, AOS DEMAIS E AOS MATERIAIS, MOBILIARIO E INSTALACIÓNS. FACER UN ESPECIAL FINCAPÉ NO "USO SOCIAL DA LINGUAXE" . | | | |
|---|---|---|---|---|
| ACCIÓNS | RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | RECURSOS | AVALIACIÓN |
| 1.Dar a coñecer ao alumnado o RRI e o Plan de convivencia, a través de coloquios sobre as vantaxes e necesidade de establecer e manter unhas normas de convivencia que axuden a avanzar nela. As conclusións plasmaranse en informes que faciliten a avaliación/valoración trimestral da actitude e actuacións do grupo en relación a estes documentos. | 1. Equipo directivo, Dpto. de Orientación e titores/as . | 1.Ao inicio de cada curso escolar, nas primeiras sesións de titoría (antes da elección de delegado) | 1.Unidade de titoría con modelo de informe que recolla aspectos salientables do tratado, achegas, propostas,acordos) Exposición de "**Tipificación de faltas e sancións**" en cada clase. **(ANEXO 3)** | 1.Realización da actividade. Valoración na avaliación inicial da actitude de cada grupo-aula en relación aos documentos traballados: temas impactantes, acordos, achegas... |
| 2. Revisar trimestralmente no grupo-aula o grao de cumprimento dos acordos e as dificultades e necesidades xurdidas. Recollida de novas propostas. | 2.Titores/as e dirección | 2.Semanas anteriores ás datas de avaliación trimestral. | 2.Unidade de titoría con modelo de informe que axude a facer a avaliación. | 2.Realización e achega das conclusións (informe) nas avaliacións trimestrais . |
| . Análise con cada grupo das posibles condutas contrarias as normas de convivencia que se producirán na clase. Tratarase de destacar non só o negativo, senón, e sobre todo, as condutas positivas como reforzo. | 3. Titor | 3.Sesión de titoría nas conmemoracións de datas significativas: dereitos humanos, a paz, … | 3. Guión- análise de condutas observadas/ cuestionario anónimo … | 3. Realización, recollida de conclusións e valoración. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 4.Lembrar entre o profesorado, o contido do RRI e Plan de Convivencia, así como o funcionamento interno do IES en relación ás faltas (protocolos para sancións, para resolución pacífica de conflitos), gardas, etc. Informar ao profesorado que se incorpore máis tarde ao centro. | 4.Dirección | 4.No primeiro claustro de cada curso escolar | 4. Esquema –guión coas instrucións básicas de funcionamento do centro (localización documentos …) | 4. Realización. Recollida de comentarios e propostas do profesorado.Valoración. |
| 5. Analizar os conflitos máis frecuentes e menos graves no centro co fin de unificar criterios cara a elaborar propostas para presentar á comunidade educativa e revisar protocolos de actuación (que actuacións en cada tipo de conflito e a súa secuenciación). | 5.Dirección, Observatorio e comisión de convivencia (X.E., titor, orientación, profesor …) | 5. Reunión a fin de trimestre | 5.Modelo recollido valoracións e conclusións. | 5.Realización . Valoración. |
| 6. Análise trimestral de faltas, partes, contratos de conduta e mediacións en cada grupo. Exposición en cada xunta de avaliación. | 6. Xefatura de Estudos e titores | 6.Nas xuntas de avaliación trimestrais. | 6.Informe-resumo da X.E. e do titor a partir do Rexistro de faltas contra as normas de convivencia e intervencións realizadas. | 6. Realización e valoración eficacia, benestar e novas propostas. |

| OBXECTIVO B | **IMPULSAR A PREVENCIÓN DE CONFLITOS E A FORMACIÓN E FUNCIONAMENTO DE EQUIPOS MEDIADORES NA RESOLUCIÓN PACIFICA DE CONFLITOS. APRENDER A CONVIVIR.** | | | |
|---|---|---|---|---|
| **ACCIÓNS** | **RESPONSABEIS** | **TEMPORALIZACIÓN** | **RECURSOS** | **AVALIACIÓN** |
| 1.Realizar reunión extraordinaria O.C. para tratar conflitos graves ou condutas problemáticas de alumnado con trastornos específicos de conduta. | 1. Dirección, Observatorio Convivencia. | 1.Reunión extraordinaria do O. Convivencia. | 1.Reunión O.C. con ese único tema a tratar e coa convocatoria a través de móbil ,cando sexa urxente. | 1.Número de reunións á finais do curso |
| 2.Realizar no centro actividades de formación de *mediadores /as* para que alumnado e profesorado voluntario poida exercer como tal na resolución pacífica de conflitos no centro. | 2.Dirección e Observatorio Convivencia. | 2.Ao longo do curso. | 2.Sesións de formación como mediadores na resolución de conflitos (Especialistas CEFORE…) | 2.Valoración de número e resultados das actividades ao final de curso |
| 3. Impulsar a formación do profesorado e/ou comunidade educativa na resolución pacífica de conflitos na aula e nas actividades académicas. | 3.Dirección e Orientación | 3.Ao longo do curso | 3.Cursiños CEFORE | 3.Realización |
| 4. O alumno/a que precise ser separado do grupo ordinario será conducido a un local onde poida reflexionar e analizar sobre o seu saber estar cos demais. | 4.Dirección , profesorado de garda | 4.Cando se considere necesario | 4.Protocolos , ficha rexistro/ seguimento e materiais de traballo para o alumnado. Aula de titoría | 4.Reflexión e análise de condutas, recursos, casos … |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 5.Rexistrar sempre os motivos da saída da aula de cada alumno facendo constar os datos que permitan facer o seguimento da súa conduta e adoptar as medidas máis axeitadas en cada momento ( intervencións dende a titoría, orientación, dirección,….) | 5.O profesorado que adopte a decisión, o de garda e a dirección. | 5.Cando se considere necesario. | 5.Ficha persoal a deseñar: por que estou aquí, que teño que facer, … | 4.Número de saídas de aula e resultados acadados en cada caso |
| 6.Deseñar actividades de inmersión no grupo-aula do que vai formar parte( no plan de acollida de inmigrantes) | 6.Dirección, orientación, titor. | 6.Os primeiros días de incorporación ao grupo. | 6.Os recursos que a actividade deseñada requira. | 6.Realización |
| 7.Realizar actividades co obxectivo de que alumnado e familias coñezan as normas e os distintos plans que se están a desenvolver no centro co fin de que poidan colaborar. | 7.Dirección, orientación ,titores, profesorado voluntario , persoal non docente | 7.Ao inicio do curso ou cando cheguen ao centro. | 7.Bibliografía, lexislación, materiais, experiencia no centro … | 7.Realización |
| 8.Celebrar a nivel de centro as datas significativas en relación á convivencia ( dereitos humanos, a non violencia, igualdade de xénero,… ) cara a sensibilizar ao alumnado e afondar nos temas correspondentes : PAZ; eliminación violencia xénero; dereitos humanos,… | 8.Observatorio Conv. e dpto. orientación, ACEs, profesorado voluntario. | 8.Na semana na que se celebran socialmente esas datas. | 8.Comisións de traballo por temas: dificultades e posibilidades en cada un deles; materiais, poñentes … | 8.Realización ao longo de cada curso |
| 9. Realizar reunións entre docentes voluntarios e servizos da comunidade (servizos sociais, centro saúde, concello,…) cara a manter unha comunicación fluída para abordar temas delicados ou de risco,…. | 9.Dirección en coordinación con O.C./dpto. ACES/ dpto.orientación e prof. voluntario. | 9.Unha vez por trimestre. | 9.Temas a abordar (precariedade, saúde, orientación vocacional profesional, valores...). | 9.Realización |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 10. Participar como centro naquelas actividades propostas polo concello, comarca … (CINENSINO, violencia de xénero,…) *fomentando a máxima participación de titores e profesorado voluntario do centro.* | 10. Dirección, dpto.orientación e do Observ.de Convivencia, ACES, *titores e algún profesor voluntario* | 10.Cando sexan necesarias, con tempo suficiente para coordinar o desenvolvemento da actividade no centro coa participación do profesorado que se apunte. | 10.Constitución de comisións puntuais ,os recursos humanos e materiais da entidade organizadora e os necesarios do centro | 10. Realización e resultados |
| 11. Formación de alumnado voluntario en “mediación entre iguais “ co fin de que aprendan recursos para colaborar no bo ambiente da aula, na detección de conflitos de grupo e na actuación axeitada (busca de asesoramento en dirección, posibilidades de mediación en cada caso,…) | 11.Dirección, dpto.. orientación, titores,… | 11.A formación, o seguimento e a avaliación a finais de curso. | 11.Profesionais expertos nesta formación. | 11. Realización e resultados a medio prazo |
| 12.Formación do profesorado voluntarios en dinámica de grupos, nas que adquiran recursos para detectar e abordar os conflitos nas aulas. | 12.Dirección, dpto. orientación, titores, O. convivencia | 12.No momento do curso no que se poida desenvolver. | 12.Profesionais expertos nesta formación(CEFORE..) | 12.Realización |
| 13. Actualización das actividades do *Plan de acción titorial* relacionadas coa convivencia . | 13.Orientación e titores/as. | 13.No momento do curso que se considere máis axeitado, en relación co calendario escolar,…. | 13.Titor/a e alumnado. **Plan de Acción Titorial** no Dpto. de Orientación | 12.Realización |

| OBXECTIVO C | DESENVOLVER ESTRATEXIAS QUE FAVOREZAN A MELLORA NAS RELACIÓNS ENTRE OS DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA: PROFESORADO-ALUMNADO-FAMILIAS E PERSOAL NON DOCENTE (relación dirección?) | | | |
|---|---|---|---|---|
| **ACCIÓNS** | **RESPONSABEIS** | **TEMPORALIZACIÓN** | **RECURSOS** | **AVALIACIÓN** |
| 1.Organizar xornada de acollida para o alumnado que cursa 6º de E.Primaria no CEIP de Sigüeiro e que pensa cursar a ESO neste IES. | 1.Dirección, dpto.orientación, profesores aulas específicas, … | 1. Mes de maio, en horario escolar. | 1.Visitas ás instalacións do IES. Convite na cafetería durante un recreo. | 1.Realización, nivel participación, grao e satisfacción e necesidades. |
| 2.Acollida dos pais e nais do alumnado que cursa 6º E.P. no CEIP de Sigüeiro. | 2.Dirección e X.Dpto. orientación . | 2. Mes de maio-xuño fóra do horario escolar. | 2. Visita ás instalacións do centro e convite na cafetería. | 2. Realización , nivel de participación e necesidades. |
| 3. Dar a coñecer os documentos do centro RRI,Plan Convivencia e PEC ás familias e persoal non docente, explicando a súa localización no centro.Entregar normas básicas (en man ou por correo). | 3.Dirección | 3.Principio curso, | 3.Documentos | 3.Realización |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 4. Acollida do alumnado que chega ao longo do curso: presentación do centro e realización das probas pertinentes (Plan acollida de alumnos inmigrantes, alumnado con NEEs (**ANEXO 4)** | 4.dirección, orientación, departamentos | 4.Primeiro día que asiste ao centro despois da matricula | 4.Aula de titoría, profesores de diversos departamentos. | 4. Plan de acollida de inmigrantes (entrevistas persoais, probas … ) |
| 5.Acollida ás familias do alumno/a que inicia a escolaridade no centro ao longo do curso: ensinarlle as dependencias, presentarlle equipo directivo e profesorado que deba coñecer (orientador …) e ofrecerlle os documentos do centro (PEC, RRI..). | 5.Dirección e X.Dpto. orientación . | 5.Cando se produza a escolarización, | 5. Dependencias e documentos do centro | 5.Realización e grao de satisfacción |
| 6. Realizar algunhas actividades lúdicas ao longo do curso nas que participen conxuntamente todos os sectores da comunidade escolar (marcha a principio de curso, Entroido e a final de curso). | 6. Dirección, responsable de ACES e profesorado voluntario | 6. Ao longo do curso. | 6. Transporte e colaboración do concello, Dpto.ACES. | 6. Realización, nivel de participación , grao de satisfacción e rexistro novas necesidades e propostas. |
| 7. Promover actividades de formación (cursos, charlas formativas,...) nas que poidan participar os distintos sectores da comunidade educativa en relación coa convivencia. | 7. Dirección, Dpto.ACEs ... | 7. Ao longo do curso, fóra do horario escolar. | 7. Expertos no tema escollido: CEFORE, familiar do alumnado, membro da comunidade educativa | 7. Realización , nivel de participación, grao de satisfacción e rexistro novas necesidades e propostas. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 8. Promover actividades co alumnado nas que interveñan expertos nalgún tema de interese para a formación do alumnado en relación coa convivencia (pais, membros da comunidade …) | 8.Departamentos didácticos, profesorado, titores | 8. Ao longo do curso, en horario lectivo. | 8. Expertos en temas que sexan familiares do alumnado, membros da comunidade educativa... | 8.Realización, nivel de participación, grao de satisfacción e rexistro de novas necesidades e propostas. |
| 9. Informar e favorecer a participación dos representantes do Consello Escolar en temas de importancia para o centro | 9. Dirección e membros da comunidade escolar. | 9. En calquera intre. | 9. Teléfono, correo electrónico ... | 9. Realización e valoración no Consello Escolar |
| 10.Realizar unha segunda reunión coas familias para valorar o funcionamento da convivencia no centro …. | 10. Dirección, Orientador, e titores ou profesores voluntarios . | 10. No 2º trimestre | 10.Salón de actos | 10. Realización,avaliación (participación,satisfacción) e rexistro das novas necesidades /propostas. |

| OBXECTIVO D | CREAR CONDICIÓNS QUE FAVOREZAN UNHAS RELACIÓNS MÁIS SATISFACTORIAS ENTRE PROFESORADO E ALUMNADO. | | | |
|---|---|---|---|---|
| **ACCIÓNS** | **RESPONSABEIS** | **TEMPORALIZACIÓN** | **RECURSOS** | **AVALIACIÓN** |
| 1.Posta en funcionamento dun local para alumnos para gardar materiais, dar informacións, instalar a caixa de suxestións … | 1.Dirección. | 1.O principio de curso. | 1.Local e mobiliario | 1.Dispoñibilidade do local. |
| 2. Realizar traballos de mantemento e mellora do centro e o entorno : plantación de arbores, flores, colocación de bancos, papeleiras, etc. | 2.Dirección, xefatura de estudos e demais membros da comunidade educativa. | 2. Periodicamente, cando se vexa necesario e en datas especiais. | 2. Luvas, utensilios de xardinería, etc Espazos físicos que se vexa necesario crear, mobiliario de patio etc. | 2.Dispoñibilidade do mobiliario citado e realización e coidado das plantacións. |
| 3.Celebración de conmemoracións con actividades de interacción entre alumnos e profesores: torneos deportivos, Entroido, día da paz. etc. que sirvan para fomentar a mellora d a convivencia. | 3. Dirección, Dpto de ACES e coordinadores voluntarios para cada unha das actividades. | 3.Nas datas acordadas. | 3.Recursos económicos *e* humanos: Biblioteca, campos de xogos, pavillón, etc. | 3.Realización e valoración dos distintos aspectos ( grao de satisfacción, dificultades, novas necesidades …) por parte de todos os sectores da comunidade educativa. |
| 4.Realizar saídas didácticas distribuídas ao longo do curso e por niveis que favorezan a relación alumnado e profesorado (lúdicas, físicas, musicais , teatrais …) | 4.Departamentos e Departamento de Actividades extraescolares. | 4.As actividades organizadas e programadas ao longo do curso. | 4.Actividades propostas por nivel e para todo o alumnado conxuntamente (patinaxe,Cerceda *)* | 4.Realización, grao de participación, necesidades detectadas e recollida das novas propostas. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 5. Crearlle ao profesorado unhas condicións que lle faciliten a participacións nas actividades complementarias e extraescolares (responsabilidade civil , dietas …) | 5. Equipo directivo. | 5.Principio de curso. | 5.Plan anual | 5. Realización e grao de satisfacción do profesorado. Recollidas das novas necesidades e propostas. |
| 6 Cada docente informará ao alumnado e familias das condicións nas que se vai desenvolver , ao longo do curso,o proceso de ensino-aprendizaxe na súa materia(aspectos importantes da programación: metodoloxía, avaliación do cognitivo e do condutivo …). | 6. O profesorado de cada materia. | 6. Nas primeiras clases do curso. | 6.Guión- modelo … que recolla eses aspectos para *o* profesorado que o demande. | 6. Realización … |
| 7. Realización por parte de cada docente dunha actividade na que docente e grupo dialoguen sobre o positivo e negativo das clases. | 7. O profesorado de cada materia. | 7. Cada trimestre. | *7.* Guión orientador para o profesorado que o demande*.* | 7.Realización, valoración por parte do profesorado que o realice, recollida das novas necesidades e propostas. |
| 9. Actuación directa de cada profesor/a con cada alumno/a e co grupo en relación ao cumprimento ou non das normas de convivencia : sancións, pactos, contratos, busca de mediación, de intervención da dirección . | 9. Docente, | 9. Cando o considere conveniente ou necesario. | 9.Documentos modelos, a utilizar co alumnado en situacións problemáticas | 8. Realización, valoración, e rexistro de novas necesidades e propostas. |
| 10. Realización de charlas formativas sobre recursos para a optimización das relacións educativas profesor-alumno) | 10. Dirección, Experto e profesor. | 10. Anualmente | 10.Especialista no tema … | 10.Realización , ficha avaliación, rexistro de novas necesidades e propostas |

| OBXECTIVO E | POTENCIAR AQUELAS INICIATIVAS QUE, DENDE O RECOÑECEMENTO Á VALÍA DE CADA DOCENTE, POSIBILITEN O CONSENSO E A UNIFICACIÓN DE CRITERIOS ENTRE PROFESORADO, E ENTRE PROFESORADO E DIRECCIÓN. | | | |
|---|---|---|---|---|
| **ACCIÓNS** | **RESPONSABEIS** | **TEMPORALIZACIÓN** | **RECURSOS** | **AVALIACIÓN** |
| 1.Informar ao profesorado das dependencias, materiais, documentos e funcionamento do centro. | 1.Dirección | 1.Durante o primeiro trimestre ou cando se incorporen. | 1.Visitas ás dependencias e entrega dos documentos. | 1.Comprobación da súa realización con cada profesor no centro. |
| 2. Realizar actividades de formación relacionadas coa convivencia que axuden a clarificar criterios, tomar decisións :<br>-grupos de traballo, charlas formación, ... | 2.Dirección, profesorado coordinador, profesorado voluntario, | 2. Charlas: Ao longo de cada curso.<br>Grupos de traballo: segundo necesidade, intereses, … | 2. Os que teña o centro e os externos que se precisen (CEFORE, especialistas no tema, ...) | 2. Nº de actividades , tipo, nivel de participación e satisfacción; novas necesidades.Mellora da práctica educativa e do benestar docente. |
| 3.Xestión das reunións habituais (claustros, CCP…) impulsando dinámicas nas que se aborden os problemas e proxectos do centro de xeito ordenado e áxil previo acordo da distribución do tempo. Reserva dun tempo para propostas e preguntas, evitando tratar na mesma reunión distintos temas de moita esixencia e utilizando a votacións secreta como xeito habitual de tomar decisións sobre cuestións que se consideren delicadas ou que alguén o solicite. | 3. Dirección . | 3. En todas as reunións. | 3.Facilitar que o profesorado dispoña con tempo suficiente da información e documentación necesaria sobre os temas a tratar en cada reunión. | 3. Ficha avaliación do grao de satisfacción co desenvolvemento da reunións. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 4. Promover reunións espontáneas sobre temas variados (noticias de prensa, conmemoracións, anécdotas do traballo), que poidan afectar dalgún xeito á convivencia do centro | 4.O profesorado e/ou dirección, | 4. Recreos e tempo lecer. | 4. Sala do profesorado, cafetería convites/pinchos,… | 4. Grao de satisfacción da mellora do benestar , participación docente, … |
| 5. Organizar actividades de formación relacionadas co benestar docente, co traballo en equipo, … | 5. Expertos e profesorado | 5. Nalgún momento do curso nas tardes dos mércores | 5.Variados | 5. Grao de satisfacción, participación, transformación ... |
| 6.Actividades lúdicas: celebracións, distribución poemas nas cuadrículas, carteis s,… | 6.Calquera membro do claustro | 6.En calquera intre | 6.Variada | 6.Nivel e frecuencia de realización |

| OBXECTIVO F | ADOPTAR MEDIDAS QUE FAVOREZAN A INCLUSIÓN E NORMALIZACIÓN DA VIDA ESCOLAR DO ALUMNADO CON NEES E CON DIFICULTADES DE INTEGRACIÓN POR DISTINTAS CAUSAS (ALUMNADO INMIGRANTE, CON TRASTORNOS CONDUTUAIS…) | | | |
|---|---|---|---|---|
| **ACCIÓNS** | **RESPONSABEIS** | **TEMPORALIZACIÓN** | **RECURSOS** | **AVALIACIÓN** |
| 1.Ofrecer á comunidade educativa aquela información sobre características do alumnado con NEEs e os recursos que se considere importante coñecer para poder colaborar na normalización da vida escolar deste no centro. | 1.Dirección | 1.A principio de curso ou cando este alumnado se incorpore | 1.Recomendacións baseadas nos informes | 1.Realización. Valoración. |
| 2.Organizar actividades para o tempo de lecer que lle permitan ao alumnado con NEEs permanentes disfrutar e interaccionar saudablemente co resto do alumnado (e viceversa). | 2.Comunidade educativa, dpto. orientación, alumnado,… | 2. Desde principio de curso. | 2. Lugares e materiais:<br>- ximnasio,zona deportiva, balóns, …<br>- biblioteca: ordenador,… | 2. Realización. valoración |
| 3.Valorar a mellor maneira de participar e facelas rendibles por parte do alumnado con NEEs tanto nas saídas didácticas como nas actividades complementarias do centro. | 3.Prof. Materia , titor,dpto. orientación | 3. En cada saída didáctica,… | 3. Traballo previo con el sobre a saída, materiais,… | 3. Realización . Valoración. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 4.Organizar grupos-aula heteroxéneos que favorezan a creación de ambientes enriquecedores que faciliten a motivación por relacionarse e aprender. | 4.X.Estudios | 4. A principio curso. | 4. Profesorado suficiente. | 4. Realización. Valoración. |
| 5.Planificar situacións que axuden a que o alumnado con NEEs e inmigrantes  interaccionen cos demais nos distintos espazos e actividades ( aula,patio, saídas,…). | 5. Dirección, Dpto. ACs, orientación e profesorado voluntario. | 5.Ao longo do curso | 5. Tempos, espazos, metodoloxía, materiais,... | 5.Realización. valoración. |

| OBXECTIVO G | DESEÑAR ACTIVIDADES QUE FAVOREZAN A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS CONTEMPLADOS NO PEC EN RELACIÓN Á CONVIVENCIA. | | | |
|---|---|---|---|---|
| **ACCIÓNS** | **RESPONSABLES** | **TEMPORALIZACIÓN** | **RECURSOS** | **AVALIACIÓN** |
| 1.Informar ao alumnado e familias do modelo educativo do centro e dos instrumentos dos que dispón para levalo á práctica (plan de acollida de inmigrantes,plan de atención á diversidade, plan de normalización lingüística …). | 1.Dirección, dpto. orientación | 1.Ás familias, na reunión de principio de curso.<br>Ao alumnado … | 1.Para as familias, elaboración esquema – guión con información do PEC.<br>Para o alumnado …. | 1.Realización |
| 2. Realizar unha análise por parte de todos os sectores da comunidade educativa da situación do centro en relación aos valores presentes no modelo educativo do PEC (respecto, solidariedade, responsabilidade,tolerancia, democracia …) | 2. Dirección, Consello Escolar e O.Convivencia. | 2.No último trimestre de cada curso. | 2.Fichas de avaliación e propostas de fácil manexo . | 2.Realización |
| 3. Rexeitar condutas violentas de racismo, xenofobia, sexistas..., dentro E fora do entorno escolar. Observar e comentar feitos nos que se mostre unha conduta violenta, debatendo entre todos as posibles causas e as consecuencias para os protagonistas y demais membros da Comunidade. Buscar solucións pacíficas y coherentes coas Normas de Convivencia para o conflito analizado. | 3.Dptos didácticos e departamento de orientación | 3.Trimestral , nunha sesión de titoría | 3.Materiais a elaborar para recoller as opinións do grupo. | 3. Realización e elaboración conclusións. |

## 5.- NECESIDADES DE FORMACIÓN

A aplicación do Plan de Convivencia non é posible sen unha coidada formación das persoas ás que vai ser aplicado e por este motivo neste documento proponse un bo número de actividades distribuídas entre os distintos obxectivos que procuran este fin, centrándose particularmente na formación de adultos e alumnos nos valores de *Mediación* e *resolución pacífica* de conflitos.

## 6.- SEGUIMENTO DO PLAN: EVALUACIÓN. CRITERIOS E PROCEDIMIENTOS.

O **Observatorio de Convivencia** será quen **dinamice, revise e actualice o Plan de Convivencia**, escoitando e recollendo todas as iniciativas e propostas da **Comisión de Convivencia** ou de todos os sectores da comunidade educativa.

Levaranse a cabo no noso centro docente as seguintes actuacións de seguimento e avaliación:

- Trimestralmente o Observatorio de Convivencia elaborará un informe, en colaboración coa Comisión de Convivencia, que debe recoller as actuacións levadas a cabo, as incidencias producidas neste período e os resultados conseguidos no seu intento de erradicación.

- Una copia do I**nforme do último trimestre** do curso, incluirase na **Memoria anual** do centro para o seu estudio e aprobación polo Consello Escolar.

- O informe deberá constar de, segundo o Decreto85/2007, de 12 de abril:

+ *O nivel de consecución dos obxectivos previstos*

+ *As dificultades atopadas.*

+ *As modificacións introducidas*

+ *As conclusións* e as *propostas de mellora*, que deberán incorporarse en posteriores plans.

## 7.- COMISIÓNS DE CONVIVENCIA:

Ao longo do curso o Observatorio de convivencia poderá organizar diversas Comisións de convivencia compostas por dous ou tres membros do mesmo e baixo a dependencia da Xefatura de Estudios.

As funcións destas comisións serán:

1. Promover a posta en marcha e o desenvolvemento dunha actividade concreta programada no Plan de Convivencia.
2. Coordinar a mediación nun conflito concreto.
3. Calquera outra actividade que o Observatorio de convivencia crea necesaria

## 8.- ESTRATEXÍAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

A mellor maneira para difundir e aplicar este Plan é a da participación na súa redacción e debate por parte de todos os sectores da comunidade escolar. Desde un primeiro momento esta difusión foi realizada a traveso do Observatorio de Convivencia, pero tamén mediante as informacións que se foron realizando nas diversas reunións dos distintos órganos de goberno do centro (CCP, Claustro de profesores, Consello escolar). A partir do seu debate e aprobación será a aplicación do mesmo e a implicación de todos os membros da comunidade escolar a mellor maneira da difusión deste documento.

# ANEXOS:

## ANEXO I:

## CUESTIONARIOS DE CONVIVENCIA ESCOLAR NO CENTRO EDUCATIVO

### Cuestionario para os alumnos/as

**I. Valoración global da convivencia**: segundo a seguinte escala valorativa: 1 (malo), 2 (regular), 3 (bo), 4 (moi bo)

**1. Como valora os seguintes aspectos da convivencia no seu centro?**

| | |
|---|---|
| - O clima de traballo e as relacións entre o profesorado | 1 2 3 4 |
| - As relacións co equipo directivo | 1 2 3 4 |
| - As relacións do profesorado co alumnado | 1 2 3 4 |
| - As relacións do alumnado co profesorado | 1 2 3 4 |
| - As relacións entre o alumnado | 1 2 3 4 |
| - As relacións do persoal non docente co resto da comunidade educativa | 1 2 3 4 |

**2. Os conflitos que se producen con máis frecuencia son**:

1 (nunca), 2 (pouco), 3 (bastantes veces), 4 (moitas veces).

| | |
|---|---|
| - Entre profesorado e alumnado | 1 2 3 4 |
| - Entre alumnado | 1 2 3 4 |
| - Entre o profesorado e as familias | 1 2 3 4 |
| - Entre pais/nais e fi llos/as | 1 2 3 4 |
| - En relación co persoal non docente | 1 2 3 4 |

**3. Cales dos seguintes conflitos se teñen producido con máis frecuencia no centro nos últimos anos?**

1 (nunca), 2 (pouco), 3 (bastantes veces), 4 (sempre)

| | |
|---|---|
| - Agresións verbais entre alumnado | 1 2 3 4 |
| - Agresións físicas entre alumnado | 1 2 3 4 |
| - Agresións verbais de profesorado a alumnado | 1 2 3 4 |
| - Agresións físicas de profesorado a alumnado | 1 2 3 4 |
| - Agresións verbais de alumnado a profesorado | 1 2 3 4 |
| - Agresións físicas de alumnado a profesorado | 1 2 3 4 |
| - Intimidación e acoso entre alumnado | 1 2 3 4 |
| - Vandalismo ou deterioro grave nas cousas | 1 2 3 4 |
| - Roubos | 1 2 3 4 |
| - Problemas co consumo de drogas | 1 2 3 4 |
| - Condutas disruptivas nas aulas (interromper a clase) | 1 2 3 4 |
| - Indisciplina (insultos, malas contestacións, falta respecto) | 1 2 3 4 |
| - Acoso sexual | 1 2 3 4 |
| - Absentismo e deserción escolar | 1 2 3 4 |

**4. Na súa opinión, cales das seguintes iniciativas serían útiles para mellorar a convivencia no centro educativo?:**

1 ( nada), 2 (pouco), 3 (bastante), 4 (moitísimo)

- Reforzar a disciplina no centro 1 2 3 4
- Consensuar normas entre alumnado e profesorado 1 2 3 4
- Favorecer o traballo cooperativo entre o alumnado 1 2 3 4
- Unificar os criterios de actuación entre o profesorado 1 2 3 4
- Mellorar as relacións entre profesorado e familias 1 2 3 4
- Informar ás familias sobre estratexias diante dos conflitos 1 2 3 4

## Cuestionario para os pais/nais

**I. Valoración global da convivencia**: segundo a seguinte escala valorativa: 1 (malo), 2 (regular), 3 (normal), 4 (bo), 5 (moi bo)

**1. Como valora os seguintes aspectos da convivencia no seu centro?**

- O clima de traballo e as relacións entre o profesorado 1 2 3 4 5
- As relacións co equipo directivo 1 2 3 4 5
- As relacións do profesorado co alumnado 1 2 3 4 5
- As relacións do alumnado co profesorado 1 2 3 4 5
- As relacións entre o alumnado 1 2 3 4 5
- As relacións do profesorado coas familias 1 2 3 4 5
- As relacións das familias co profesorado 1 2 3 4 5
- As relacións do persoal non docente co resto da comunidade educativa 1 2 3 4 5
- As relacións da comunidade educativa co contorno escolar 1 2 3 4 5
- As relacións do centro cos servizos sociosanitarios 1 2 3 4 5
- As relacións coa Administración educativa 1 2 3 4 5

**2. Os conflitos que se producen con máis frecuencia son**:

1 (nunca), 2 (pouco), 3 (algunhas veces), 4 (bastantes veces), 5 (moitas veces).

- Entre profesorado e o equipo directivo 1 2 3 4 5
- Entre profesorado 1 2 3 4 5
- Entre profesorado e alumnado 1 2 3 4 5
- Entre alumnado 1 2 3 4 5
- Entre o profesorado e as familias 1 2 3 4 5
- Entre pais/nais e fillos/as 1 2 3 4 5
- Entre as familias 1 2 3 4 5
- Entre o centro escolar e a administración educativa 1 2 3 4 5
- Entre o centro escolar e o concello 1 2 3 4 5
- En relación co persoal non docente 1 2 3 4 5

**3. Cales dos seguintes conflitos se teñen producido con máis frecuencia no centro nos últimos anos?**

1 (nunca), 2 (pouco), 3 (algunhas veces), 4 (bastantes veces), 5 (moitas veces

- Agresións verbais entre alumnado 1 2 3 4 5
- Agresións físicas entre alumnado 1 2 3 4 5
- Agresións verbais de profesorado a alumnado 1 2 3 4 5
- Agresións físicas de profesorado a alumnado 1 2 3 4 5
- Agresións verbais de alumnado a profesorado 1 2 3 4 5
- Agresións físicas de alumnado a profesorado 1 2 3 4 5
- Intimidación e acoso entre alumnado 1 2 3 4 5
- Problemas entre o profesorado 1 2 3 4 5
- Vandalismo ou deterioro grave nas cousas 1 2 3 4 5
- Roubos 1 2 3 4 5
- Problemas co consumo de drogas 1 2 3 4 5
- Condutas disruptivas nas aulas (interromper a clase) 1 2 3 4 5
- Indisciplina (insultos, malas contestacións, falta respecto) 1 2 3 4 5
- Acoso sexual 1 2 3 4 5
- Absentismo e deserción escolar 1 2 3 4 5

**4. Na súa opinión, cales das seguintes iniciativas serían útiles para mellorar a convivencia no centro educativo?:**
1 ( nada), 2 (pouco), 3 (algo), 4 (bastante), 5 (moito)

- Reforzar a disciplina no centro 1 2 3 4 5
- Consensuar normas entre alumnado e profesorado 1 2 3 4 5
- Favorecer o traballo cooperativo entre o alumnado 1 2 3 4 5
- Unificar os criterios de actuación entre o profesorado 1 2 3 4 5
- Darlle máis participación ás familias na xestión do centro 1 2 3 4 5
- Colaborar cos servizos sociais, de saúde e asociacións 1 2 3 4 5
- Mellorar as relacións entre profesorado e familias 1 2 3 4 5
- Mellorar as condicións de traballo do profesorado 1 2 3 4 5
- Facer grupos de alumnado máis reducidos 1 2 3 4 5
- Mellorar os recursos do centro educativo 1 2 3 4 5
- Formar ao profesorado sobre resolución de conflitos 1 2 3 4 5
- Informar ás familias sobre estratexias diante dos conflitos 1 2 3 4 5
- Facer grupos de mediación en conflitos nos centros 1 2 3 4 5
- Adaptar o currículo ás necesidades do alumnado 1 2 3 4 5
- Utilizar unha metodoloxía máis activa e participativa 1 2 3 4 5
- Utilizar un estilo docente respectuoso e positivo 1 2 3 4 5

## Cuestionario para persoal non docente

**Valoración global da convivencia**: segundo a seguinte escala valorativa:
1 (malo), 2 (regular), 3 (bo), 4 (moi bo)

**1. Como valora os seguintes aspectos da convivencia no seu centro?**
- O clima de traballo e as relacións entre o profesorado 1 2 3 4
- As relacións co equipo directivo 1 2 3 4
- As relacións entre o alumnado 1 2 3 4
- As relacións do persoal non docente co resto da comunidade educativa 1 2 3 4
- Outros 1 2 3 4

**2. Os conflitos que se producen con máis frecuencia son**:

1 (nunca), 2 (pouco), 3 (bastantes veces), 4 (moitas veces).

| | |
|---|---|
| - Entre profesorado e o equipo directivo | 1 2 3 4 |
| - Entre o profesorado | 1 2.3.4 |
| - Outros | 1 2 3 4 |

**3. Cales dos seguintes conflitos se teñen producido con máis frecuencia no centro nos últimos anos?**

1 (nunca), 2 (pouco), 3 (bastantes veces), 4 (sempre)

| | |
|---|---|
| - Agresións verbais entre alumnado | 1 2 3 4 |
| - Agresións físicas entre alumnado | 1 2 3 4 |
| - Intimidación e acoso entre alumnado | 1 2 3 4 |
| - Vandalismo ou deterioro grave nas cousas | 1 2 3 4 |
| - Roubos | 1 2 3 4 |
| - Problemas co consumo de drogas | 1 2 3 4 |
| - Indisciplina (insultos, malas contestacións, falta respecto) | 1 2 3 4 |
| - Acoso sexual | 1 2 3 4 |
| - Absentismo e deserción escolar | 1 2 3 4 |
| - Outros | 1 2 3 4 |

**4. Na súa opinión, cales das seguintes iniciativas serían útiles para mellorar a convivencia no centro educativo?:**

1 ( nada), 2 (pouco), 3 (bastante), 4 (moitísimo)

| | |
|---|---|
| - Reforzar a disciplina no centro | 1 2 3 4 |
| - Consensuar normas entre alumnado e profesorado | 1 2 3 4 |
| - Favorecer o traballo cooperativo entre o alumnado | 1 2 3 4 |
| - Unificar os criterios de actuación entre o profesorado | 1 2 3 4 |
| - Darlle máis participación ás familias na xestión do centro | 1 2 3 4 |
| - Mellorar as relacións entre profesorado e familias | 1 2 3 4 |
| - Facer grupos de mediación en conflitos nos centros | 1 2 3 4 |
| - Utilizar un estilo docente respectuoso e positivo | 1 2 3 4 |
| - Outras | 1 2 3 4 |

## Cuestionario para o profesorado

Para elaborar do xeito máis axustado posible o **Plan de convivencia** a que se refire o recentemente creado *Observatorio de convivencia*, pregámosche que contéste-lo seguinte cuestionario.

Rodea cun círculo, ou marca cunha cruz, o valor numérico que lle das a cada unha das cuestións que seguen.

**¿Como valora-los seguintes aspectos da convivencia no centro?**

Valorar segundo a seguinte escala:
**1** (moi mal) **2** (regular) 3 (ben) **4** (excelente)

| | 1 | 2 | 3 | 4 | NS/NC |
|---|---|---|---|---|---|
| - O clima de traballo e as relacións entre os profesores | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - As relacións entre os profesores e o equipo directivo | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - As relacións entre o equipo directivo | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - As relacións dos profesores cos alumnos | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - As relacións dos alumnos cos profesores | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - As relacións dos profesores coas familias | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - As relacións das familias cos profesores | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - As relacións do equipo directivo coas familias | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - As relacións das familias co equipo directivo | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - As relacións dos profesores coa ANPA | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - As relacións da ANPA cos profesores | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - As relacións do equipo directivo coa ANPA | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - As relacións da ANPA co equipo directivo | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - As relacións dos profesores co persoal non docente | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - As relacións do persoal non docente cos profesores | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - As relacións dos profesores coa administración educativa | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - As relacións da administración educativa cos profesores | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - As relacións do equipo directivo coa administración educativa | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - As relacións da administración educativa co equipo directivo | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - Outras (especificar) ................................................... | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |

**Os conflitos que se producen con máis frecuencia son:**

Valorar segundo a seguinte escala:
**1** (nunca) **2** (pouco) **3** (moitas veces) **4** (sempre)

| | 1 | 2 | 3 | 4 | **NS/NC** |
|---|---|---|---|---|---|
| - Entre profesores e o equipo directivo | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - Entre os profesores | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - Entre profesores e alumnos | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - Entre profesores e familias | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - Entre profesores e ANPA | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - Entre equipo directivo e ANPA | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - Entre o centro escolar e a administración educativa | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - Entre o centro escolar e o concello | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - Outras (especificar) ....................................................... | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |

**¿Cales dos seguintes conflitos se teñen producido con máis frecuencia no centro nos últimos anos?**

Valorar segundo a seguinte escala:
**1** (nunca) **2** (pouco) **3** (moitas veces) **4** (sempre)

| | 1 | 2 | 3 | 4 | **NS/NC** |
|---|---|---|---|---|---|
| **-** Agresións verbais de profesores a alumnos | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - Agresións verbais de alumnos a profesores | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - Agresións físicas de profesores a alumnos | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - Agresións físicas de alumnos a profesores | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |
| - Agresións verbais de profesores ao equipo directivo | 1 | 2 | 3 | 4 | ☐ |

- Agresións verbais do equipo directivo a profesores 1 2 3 4 ▢
- Agresións verbais entre profesores 1 2 3 4 ▢
- Outras (especificar) ............................................... 1 2 3 4 ▢

**Na túa opinión, ¿cales das seguintes iniciativas serían útiles para mellora-la convivencia no centro?**

Valorar segundo a seguinte escala:
**1** (nada) **2** (pouco) **3** (moito) 4 (moitísimo, ou a que máis)

| | | | | | **NS/NC** |
|---|---|---|---|---|---|
| **-** Consensuar normas entre alumnos e profesores | 1 | 2 | 3 | 4 | ▢ |
| **-** Unificar criterios de actuación entre os profesores | 1 | 2 | 3 | 4 | ▢ |
| **-** Mellora-las relacións entre profesores e familias | 1 | 2 | 3 | 4 | ▢ |
| **-** Mellora-las relacións entre profesores e ANPA | 1 | 2 | 3 | 4 | ▢ |
| **-** Mellora-las relacións entre equipo directivo e ANPA | 1 | 2 | 3 | 4 | ▢ |
| **-** Mellora-las condicións de traballo dos profesores | 1 | 2 | 3 | 4 | ▢ |
| **-** Facer grupos de alumnos máis reducidos | 1 | 2 | 3 | 4 | ▢ |
| **-** Mellora-los recursos do centro | 1 | 2 | 3 | 4 | ▢ |
| **-** Formar aos profesores sobre resolución de conflitos | 1 | 2 | 3 | 4 | ▢ |
| **-** Facer grupos de mediación en conflitos | 1 | 2 | 3 | 4 | ▢ |
| **-** Adapta-lo currículo ás necesidades dos alumnos | 1 | 2 | 3 | 4 | ▢ |
| **-** Utilizar unha metodoloxía máis activa e participativa | 1 | 2 | 3 | 4 | ▢ |
| **-** Utilizar un estilo docente respectuoso e positivo | 1 | 2 | 3 | 4 | ▢ |
| - Respecta-las opinións e sistema de valores dos demais Compañeiros | 1 | 2 | 3 | 4 | ▢ |
| Outras (especificar)........................................................ | 1 | 2 | 3 | 4 | ▢ |

# ANEXO 2

# RESPOSTAS AOS CUESTIONARIOS SOBRE A CONVIVENCIA NO CENTRO

## Visión dos alumnos sobre o centro:

**Valoración sobre a convivencia no centro:**

En xeral, é boa, excepto no que se refire a relación profesor-alumno e alumno-profesor que a presentan como regular

**conflitos máis frecuentes no centro**

En xeral, cren que hai poucos conflitos, pero na relación entre o alumnado e entre este e os profesores hai bastantes

**Conflitos máis frecuentes non derradeiros anos**

- As agresións verbais entre alumnado e a interrupción na clase son moi abundantes ou sempre
- A indisciplina é case constante (Case sempre)
- O deterioro das cousas dáse bastantes veces
- O resto de conflitos son escasos ou nulos

**Iniciativas útiles para a convivencia**

- Consensuar normas entre alumnos e profesores (Algunhas veces)
- Favorecer traballo cooperativo (Bastantes veces)
- O resto: pouco ou nunca

## Visión dos pais/nais sobre o centro

**Valoración sobre a convivencia no centro**

En xeral, boa ou moi boa excepto na relación alumnado-profesorado que é regular-boa

**Conflitos máis frecuentes no centro**

Os pais/nais observan poucos ou ningún conflito, aínda que observan algún entre os alumnos

**Conflitos máis frecuentes non derradeiros anos**

- **agresións verbais entre o alumnado** en bastantes ou moitas veces,
- a **indisciplina** bastantes veces,
- as **interrupcións e os roubos** algunhas veces

**Iniciativas útiles para a convivencia**

Propostas destacadas:

- Unificar criterios entre o profesorado,
- mellorar a relación coas familias e informar ás familias sobre as estratexias en **moitas ocasións**.
- Reforzar a disciplina e favorecer o traballo cooperativo en **bastantes ou moitas veces**
- Consensuar normas entre alumnado-profesorado, participar as familias na resolución de conflitos e crear grupos de mediación en conflitos en **bastantes veces**

## Visión dos profesores sobre o centro (*ENQUISAS REALIZADAS DURANTE OS CURSOS 2008/09 E 2008/09)*

**Valoración sobre a convivencia no centro**

En xeral, boa pero debemos mellorar:

- As relacións alumnado-profesorado
- As relacións familias- profesores.
- As relación entre o profesorado

**Conflitos máis frecuentes no centro**

- Entre alumnos-profesores
- *Entre profesores*
- *Entre o alumnado*
- *Agresións verbais* entre alumnado/profesorado
- *Entre o equipo directivo e profesorado*.

**Conflitos máis frecuentes non derradeiros anos**

- *agresións verbais entre alumnado/profesorado*
- *Equipo directivo /profesorado*

**Iniciativas útiles para a convivencia**

Propostas destacadas:

- Unificar criterios entre o profesorado,
- *Mellorar relación coas familias*
- *Consensuar normas entre alumnos e profesores*
- *Mellorar relación entre profesorado /ANPA e equipo directivo/ANPA*
- *Mellorar condicións de traballo*
- *Mellorar recursos do centro*
- *Adaptación dos currículos ás necesidades do alumnado*
- *Metodoloxía máis activa e participativa*
- *Estilo docente máis respectuoso*
- *Respecto ás opinión e sistemas de valores dos compañeiros*
- *Grupos reducidos*
- *Reforzar a disciplina*
- *Formar ao profesorado na resolución de conflitos*
- *Crear grupos de mediación en conflitos*

# Visión do "Persoal non docente" sobre o centro

**Valoración sobre a convivencia no centro**

En xeral, boa ou moi boa

**Conflitos máis frecuentes no centro**

Observan poucos ou ningún conflito

**Conflitos máis frecuentes non derradeiros anos**

Destacan como graves:

- ***As agresións verbais entre o alumnado***

- *A **indisciplina***
- *O v**andalismo** ou deterioro grave das cousas*

**<u>Iniciativas útiles para a convivencia</u>**

Propostas *destacadas* (bastante ou moito):

- *Unificar criterios entre o profesorado*
- *Reforzar a disciplina*
- *Favorecer traballo cooperativo*
- *Consensuar normas entre alumnado e profesorado*
- *Participación das familias na resolución dos conflitos*
- *Crear grupos de medicación de conflitos*
- *Consensuar normas entre alumnado-profesorado*
- *Mellorar as relacións profesorado-familias*
- *Reforzar a disciplina no centro*
- *Favorecer o traballo cooperativo*
- *Participar as familias na resolución de conflitos*
- Crear grupos de mediación en conflitos

# <u>ANEXO 3</u>

| TIPIFICACIÓN DE FALTAS E SANCIÓNS | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | CONSIDERACIÓN | | | | |
| **FALTA** | **Leve** | **Grave** | **Moi Grave** | **MEDIDA CORRECTORA** | **ÓRGANO COMPETENTE** |
| 1.- Varias faltas inxustificadas de puntualidade | X | | | - Amoestación<br>- Anotación no parte de faltas de asistencia | Profesor/a<br>Titor/a |
| 2.- A falta de asistencia inxustificada clase permanecendo no centro (servizos, cafetería, etc.) | | X | | - Parte de incidencia<br>- Comunicación ós pais<br>- Traballo no recreo ou na casa | Profesor/a<br>Titor/a |
| 3.- O deterioro ou mal uso do material ou das instalacións do centro | X | X | X | - Arranxo material, limpeza ou pago<br>- Se fora grave, parte de incidencia<br>- Moi grave: depende da intencionalidade ou gravidade dos danos.<br>- Expediente | Profesor/a<br>Titor/a<br>Xefe de Estudios<br>Dirección<br>Xuíz instrutor |
| 4.- Subtracción de material do centro ou de calquera membro da comunidade escolar | X | X | X | - Reposición ou pago<br>- Se fora grave, parte de incidencia<br>- Expediente | Profesor/a<br>Titor/a<br>Xefe de Estudios<br>Dirección<br>Xuíz instrutor |
| 5.- Deterioro ou mal uso de libros de texto ou de lectura do centro ou dos compañeiros | X | X | | - Amoestación<br>- Parte de incidencias<br>- Reposición | Profesor/a<br>Titor/a<br>Xefe de Estudios |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 6.- Abandonar o recinto escolar en horas lectivas sen autorización | | X | X | - Comunicación inmediata aos pais.<br>- Parte de incidencia<br>- Traballo no recreo ou na casa<br>- Expediente | Profesor/a<br>Titor/a<br>Xefe de Estudos<br>Dirección<br>Xuíz instrutor |
| 7.- Molestar ao profesor/a ou aos compañeiros/as e interromper a atención ás explicacións do profesor/a | X | X | | - Amoestación<br>- Parte de incidencia<br>- Desculpa en público<br>- Saída de clase co profesor de garda e traballo | Profesor/a<br>Titor/a<br>Xefe de estudos |
| 8.- Asistir ás clases reiteradamente sen o material necesario ou sen realizar aquelas tarefas, exercicios ou deberes que o profesor propuxera | X | X | | - Amoestación oral<br>- Realiza-las tarefas<br>- Se é grave: parte de incidencia e suspensión de asistencia a esa clase | Profesor/a<br>Titor/a<br>Xefe de Estudios<br>Dirección |
| 9.- Inxerir alimentos sólidos, líquidos e chicles nos períodos de clase e na biblioteca | X | | | - Amoestación<br>- Limpeza<br>- Retirada de alimentos | Profesor/a |
| 10.- Abandonar o seu posto na aula sen permiso | X | | | - Amoestación ou calquera outra medida correctora que o profesor/a considere conveniente | Profesor/a |
| 11.- Permanecer nos corredores do centro nos cambios de clase sen motivo xustificado. | X | | | - Amoestación | Profesor/a |
| 12.- Saír ou entrar no centro por accesos non autorizados | X | X | | - Amoestación<br>- Parte de incidencias<br>- Traballos no recreo ou na casa | Profesor/a<br>Titor/a |
| 13.- Subir ás fiestras ou saír a través delas | | X | X | - Parte de incidencia<br>- Realizar traballos no recreo (recoller lixo)<br>- Expediente | Profesor/a<br>Titor/a<br>Xefe de Estudios<br>Dirección<br>Xuíz instrutor |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 14.- Xogar nas instalacións do centro que non estean destinadas a iso | X | | | - Amoestación<br>- Retirada de obxectos (por exemplo co balón) | Profesor/a |
| 15.- Non entregar ós pais ou titores as comunicacións oficiais | X | X | | - Comunicación ós pais<br>- Parte de incidencia<br>- Traballo nos recreos | Profesor/a<br>Titor/a |
| 16.- Manexar aparatos audiovisuais e materiais de aulas específicas sen permiso do profesor/a. | | X | X | - Amoestación<br>- Suspensión de clases prácticas<br>- Parte de incidencia | Profesor/a<br>Titor/a<br>Xefe de Estudios |
| 17.- Negarse a segui-las indicacións de calquera profesor/a amosando unha actitude negativa e provocadora tanto dentro coma fóra da aula | | X | X | - Amoestación<br>- Parte de incidencia<br>- Saída da clase co profesor/a de garda e realizar a tarefa<br>- Se é grave: expediente | Profesor/a<br>Titor/a<br>Xefe de Estudios<br>Dirección<br>Xuíz instrutor |
| 18.- O uso no centro de aparatos electrónicos (reprodutores CD, móbiles, …) | X | X | | - Amoestación<br>- Parte de incidencia<br>- Recollida e entrega ós pais | Profesor/a<br>Titor/a |
| 19.- Entrar noutras aulas ou dependencias do centro (sala de profesores, despachos, ximnasio, biblioteca …) sen permiso do profesor/a | X | X | | - Amoestación<br>- Parte de incidencia<br>- Traballo no recreo ou na casa | Profesor/a<br>Titor/a |
| 20.- Tirar lixo, obxectos ou cuspir | X | X | | - Amoestación<br>- Limpeza e recollida do lixo<br>- Parte de incidencias | Profesor/a<br>Titor/a |
| 21.- Incumprimento das sancións impostas | X | X | | - Amoestación<br>- Parte de incidencia<br>- Realizar as tarefas | Profesor/a<br>Titor/a<br>Xefe de Estudios |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 22.- Manexar chaves de dependencias do centro sen permiso de dirección, profesorado ou conserxe | | X | X | - Parte de incidencia<br>- Pedir perdón<br>- Realizar traballos no recreo ou na casa<br>- Apertura de expediente | Profesor/a<br>Titor/a<br>Xefe de Estudios<br>Dirección<br>Xuíz instrutor |
| 23.- Introducir ou consumir alcol, tabaco ou outras substancias perigosas | | X | X | - Parte de incidencia<br>- Expediente | Profesor/a<br>Titor/a<br>Xefe de Estudios<br>Dirección<br>Xuíz instrutor |
| 24.- Expresarse de forma incorrecta e vulgar no centro usando palabras malsoantes ou cun ton inadecuado | X | X | | - Amoestación<br>- Parte de incidencia<br>- Traballo na casa ou no recreo | Profesor/a<br>Titor/a |
| 25.- Agredir, insultar, ameazar ou humillar ós seus compañeiros, profesores, persoal non docente ou calquera outro membro da comunidade educativa | | X | X | -Parte de incidencias<br>- Traballo sobre a norma<br>- Expoñer en titoría<br>- Expediente | Profesor/a<br>Titor/a<br>Xefe de Estudios<br>Dirección<br>Xuíz instrutor |
| 26.- Desenvolver xogos no centro que poidan poñer en perigo a integridade física dos membros da comunidade educativa ou a súa propia | X | X | X | - Amoestación<br>- Suspensión da actividade<br>- Traballo na casa ou no recreo<br>- Parte de incidencia<br>- Expediente | Profesor/a<br>Titor/a<br>Xefe de Estudios<br>Dirección<br>Xuíz instrutor |
| 27.- Os actos de indisciplina, inxurias ou ofensas graves contra os membros da comunidade educativa | | | X | - Expediente | Dirección<br>Xuíz instrutor |
| 28.- A reiteración nun mesmo curso escolar de condutas contrarias ás normas de convivencia | | | X | - Expediente | Dirección<br>Xuíz instrutor |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 29.- A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación ou subtracción de documentos académicos | | | X | - Expediente | Dirección<br>Xuíz instrutor |
| 30.- Os danos causados por uso indebido ou intencionadamente nos locais, material ou documentación do centro ou nos bens doutros membros da comunidade | | | X | - Expediente | Dirección<br>Xuíz instrutor |
| 31.- Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento da comunidade educativa ou á incitación ás mesmas | | | X | - Expediente | Dirección<br>Xuíz instrutor |

## APLICACIÓN

- As **FALTAS LEVES** serán notificadas por escrito aos pais/nais, que devolveran asinadas, ou vía telefónica, sendo todas elas rexistradas e arquivadas polo profesor nas carpetas de incidencias situadas na sala de profesores.
- Nas faltas leves a **amoestación pode ir acompañada doutras medidas correctoras** que o/a profesor/a considere oportunas.
- A acumulación de **tres faltas leves** convértese nunha **grave.** O titor/a cubrirá un parte de incidencias por **acumulación de faltas leves** e imporá un castigo ao alumno/a en colaboración coa dirección.
- Outro ciclo de **tres faltas leves** darán lugar a outra **falta grave** co seu correspondente parte e sanción, e a expulsión do centro de 1 a 3 días
- **De unha a tres FALTAS GRAVES** darán lugar a **unha primeira expulsión** por un período máximo de 3 días.
- De **unha a tres faltas graves máis** serán motivo dunha **segunda expulsión** por un período máximo de 3 días.
- **Unha falta grave posterior a segunda expulsión** dará lugar a unha **falta moi grave** e polo tanto abrirase un **expediente**.
- As sancións consistentes na perda do dereito de asistencia ao Centro (**expulsións**) serán comunicadas ao **Observatorio de Convivencia.**
- A **primeira corrección e sanción sempre a debe realizar o profesor/a implicado** e, cando estas correccións non dan o resultado esperado, comunicarase ó titor/a que procederá da mesma forma e, de non corrixirse dita conduta, darase conta á Xefatura de Estudios.

- Calquera **parte de incidencia deberá ser comunicado** persoalmente polo profesor ou titor aos pais e rexistrado na carpeta do grupo correspondente..
- O profesor/a que sanciona a un alumno/a por problemas na aula será o responsable do seu cumprimento.
- No caso de alumnos/as, que pola acumulación de faltas, son **castigados sen recreo** polos titores ou pola dirección estarán atendido por un **profesor de garda,** se fora posible.
- Despois de **1 ou 2 faltas graves** a dirección poderá aplicar os seguintes tipos de sanción previa comunicación aos pais:
  - a **perda do dereito de asistencia a determinadas clases** por un período máximo de 3 días

  - o **cambio de grupo** por período máximo dunha semana

  - ou tamén poderá perder o **dereito de participación nas actividades extraescolares e complementarias**.

- En caso de **expediente disciplinario actuará como instrutor/a**, se é posible, aquel/a profesor/a que non lle dea clase ao/á alumno/a e que **por sorteo** lle corresponda. Quedando excluídos, temén se é posible, aqueles profesores que ao longo do mesmo curso xa instruíran outro expediente.

**Resolución de conflitos:** Todo conflito que xurda no centro debe ser resolto mediante o diálogo como recolle o RRI na páxina 32, e na súa resolución xogará papel fundamental o **Observatorio de Convivencia**.

**Correccións:** No cadro recoméndanse algunhas medidas correctoras pero estas están, en xeral, recollidas no **RRI** (páxinas 33-35), tanto as **correccións para as faltas leves como para as graves e moi graves**.

**Gradación:** A gradación das correccións están recollidas no RRI, páxina 33.

**Excepcións:** Estas normas son de aplicación xeral pero debemos ter en conta o que recolle o artigo 43, apartado e) do Capítulo I, Título IV do R.D. 732/1995, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos: "**Á hora de establecer as medidas correctoras para alumnos/as con circunstancias persoais, familiares ou sociais especiais, teranse en conta ditas circunstancias podendo solicitar os informes que se consideren precisos para a súa xustificación".** De acordo con isto sería o **Observatorio de Convivencia** o que aconsellaría co caso das actuacións excepcionais a aplicar.

**Folga**: O apartado 5 da Disposición Derradeira Primeira da LOE recolle o dereito a folga dos alumnos/as a partir de 3º de ESO e o RRI do centro explica o proceso a seguir polos alumnos que voluntariamente queiran secundala e que aclaramos nos seguintes apartados:

- Que a Xunta de Delegados comunique á Dirección do Centro con 4 días de antelación a intención de secunda-la folga..
- Que individualmente cada alumno/a que non asista á clase por este motivo deberá presentar ó seu titor/a unha autorización dos seus pais ou titores, en modelo oficial do centro, con un día de antelación.
- En ningún caso os alumnos/as que secunden a folga, poderán entrar no recinto escolar en horario lectivo. De facelo deberán permanecer no centro asistindo ás clases correspondentes.

## ANEXO 4

# PLAN DE ACOLLIDA DE ALUMNOS INMIGRANTES

IDEAS PREVIAS:

A continua incorporación de alumnos procedentes do estranxeiro fai necesario a adopción de medidas especiais axeitadas ás súas necesidades, especialmente a consistente en axustar a acollida que se lles vai dispensar. Do Plan de Acollida dependerá a rápida integración escolar do alumno e tamén que os demais coñezan outras culturas e costumes coas que deben convivir.

O centro debe ter organizado o tipo de recibimento que debe realizar a este tipo de alumnos no intre en que se presenta una familia para proceder á súa matrícula, ben a principios de curso ou, especialmente, a mediados de curso. Nestes casos o centro debe poñer en marcha una serie de medidas específicas para atender ás necesidades do novo alumnado como se ten xa organizado en moitos centros da nosa comunidade.

As características deste alumnado son moi variadas dependendo da súa orixe, idade, escolarización previa, coñecemento do noso idioma, etc., ao que se engaden problemas relacionados co frecuente absentismo escolar, a falta de motivación, a falta de integración social e a escasa relación do centro coas familias destes alumnos. Pola contra, a chegada destes alumnos pode supoñer unha vantaxe para os demais alumnos do centro nos aspectos de coñecer novas culturas, costumes e valores, proporcionando este contacto a posibilidade de aprender a convivir coas diferenzas,

A finalidade principal do Plan de acollida para o alumnado inmigrante debe ser facer dos primeiros días no centro unha situación máis fácil e máis humana e, en consecuencia, lograr con facilidade a súa integración escolar.

O Plan de Acollida debe estar integrado nos distintos documentos institucionais do centro: o PEC, o RRI e o PCC deben adaptarse a esta nova situación social dando resposta aos problemas relacionados coa incorporación deste tipo de alumnado.

PLAN DE ACOLLIDA

O plan de acollida supón establecer unha serie de actuacións organizadas e secuenciadas para conseguir a integración do alumnado inmigrante. Pero isto só se pode acadar cando se contextualiza para unha realidade concreta, para un centro concreto, e neste caso para o noso centro, o IES de Oroso.

a) Toma de contacto:

Calquera dos membros da dirección recibirá á familia e ao alumno/a, asegurándose de informarse se falan o noso idioma e se entenden e coñecen os dereitos dos que dispoñen. Proporcionaranlle a documentación necesaria para a matriculación no curso que lle corresponda pola súa idade.

b) Información á familia:

Unha vez realizada a matrícula, a secretaría do centro informaralle a familia das cuestións organizativas do centro: horarios, vacacións, normas internas, avaliacións, etc. Mostraráselles as instalación do centro, comunicaráselles a existencia de servizos sociais do concello por se o puideran necesitar e non se lle entregará o material necesario inmediatamente senón que se esperará un tempo para realizar a súa compra ata que estean determinadas as competencias acadadas polo alumno/a.

c) Recollida de datos e comunicación coas familias:

Mediante unha ficha o orientador recollerá da familia a máxima información posible de forma que o coñecemento facilite a determinación das necesidades educativas do alumno/a (Modelo de enquisa).
A comunicación posterior coa familia, se é preciso, será traducida ao seu idioma habitual.

d) Itinerario de escolarización:

A primeira medida será a matriculación no curso que corresponda pola súa idade aínda que se presupoña un gran desfase curricular.
Deseguido o/a Xefe/a de estudos organizará a Avaliación Inicial en coordinación co Departamento de Orientación que realizará a observación psicopedagóxica. Os Departamentos didácticos propoñerán e realizarán probas de coñecementos científico-matemáticos e sociolingüísticos. Esta avaliación inicial será realizada nun tempo máximo de 3 días e mentres tanto o alumno/a permanecerá ao marxe do restante alumnado baixo o control da dirección, orientación e profesores de garda.
Cos resultados desta avaliación inicial estableceranse as medidas de atención específica necesarias como:

1) Reforzo educativo, adaptacións curriculares, etc.
2) Medidas de carácter organizativo, como o nivel no que debe matricular de forma definitiva (curso e grupo) ou agrupamentos temporais e flexibles específicos para alumnos inmigrantes, previa autorización da inspección, e de información ás familias.

e) Relación con servizos sociais:

Para favorecer a integración o centro debe poñerse en contacto cos Servizos Sociais do Concello co fin de acadar información sobre a atención sanitaria e do mundo laboral e social da familia do alumnado. Mediante esta actuación o centro pode acadar intermediación (axudas económicas, tradución e apoio extraescolar na realización de tarefas) coas familia.

f) O primeiro día de clase:

O primeiro día de clase é fundamental para conseguir acadar a plena integración no centro e por iso é fundamental a actuación nese intre, de forma que debemos planificar previamente esa actuación e non deixala á improvisación espontánea.

1) Preparación: O titor preparará o recibimento con antelación tendo coñecemento de todo o relacionado co alumno/a e as dificultades de acollida. Tamén preparará ao alumnado falando do novo compañeiro/a e da súa orixe e cultura.
2) Recepción: O primeiro día a dirección e o titor daranlle a benvida e presentaranlle o seu grupo de referencia na hora de titoría, se é posible, ou polo menos cando o titor/a teña clase co grupo.
3) Presentación na aula: Debe ser natural e acolledora. Se o grupo está motivado con antelación a presentación é máis doada e nela indicaránselle as normas básicas do funcionamento do grupo.

g) Alumno titor:

Para facilitar a integración do novo alumno/a, o titor pode recorrer a elixir un alumno/a agradable e acolledor do grupo como o encargado de establecer as relación entre os anteriores compañeiros/as e o novo/a. Esta figura coñécese como *alumno titor* que pode ter importancia fundamental na súa integración.

h) Actividades na aula. Avaliación:

Reorganizarase a actividade na aula pero a actividade do novo alumno/a estará orientada temporalmente á realización da avaliación inicial. Pola súa parte o titor realizará actividades co grupo relacionadas cos costumes, lingua e cultura do novo alumno e do seu país.

## AVALIACIÓN DO PLAN

A finais do curso realizarase unha avaliación do plan de acollida mediante cuestionarios que informará dos resultados acadados ao tempo que nos dará idea das posibles rectificacións e modificacións.